

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA TURISMO DE GALICIA

EXTRACTO da Resolución de 22 de xullo de 2020 pola que se establece o procedemento de concesión da tarxeta Bono turístico #QuedamosenGalicia (código de procedemento TU985B).

BDNS (Identif.): 516819.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións:

(<http://pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán ser persoas beneficiarias deste bono aquelas persoas empregadas públicas, tanto persoal funcionario, estatutario ou persoal laboral, fixo ou temporal, que se atopen nalgún dos seguintes supostos:

a) Todo o persoal do Sistema público de saúde de Galicia, tanto dependente da Consellería de Sanidade como do Servizo Galego de Saúde e das entidades públicas dependentes deste organismo.

b) Persoal empregado público destinado nos centros residencias de maiores, discapacidade e menores, calquera que sexa a súa categoría laboral.

2. Serán requisitos necesarios para a concesión desta axuda:

a) Que a persoa solicitante teña a condición de empregado público das categorías establecidas no número anterior.

b) Que a persoa solicitante estivese prestando servizos dentro do período comprendido entre o 15 de marzo e o 15 de xuño de 2020.

Segundo. *Obxecto, contía e réxime das subvencións*

Esta resolución ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a concesión do Bono turístico #QuedamosenGalicia, que se fará efectivo a través dunha tarxeta prepaga-



mento que se cargará dunha soa vez cun total de 250 €, para a súa utilización nos establecementos e/ou para as prestacións turísticas ofertadas polas empresas adheridas ao programa Bono turístico e que se atopan publicadas na web da Axencia turismo de Galicia no portal promocional de Turismo de Galicia, <https://www.turismo.gal/QuedamosenGalicia> (código de procedemento TU985B).

O procedemento de concesión do Bono turístico é de outorgamento de subvencións en concorrencia non competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, atendendo á orde de presentación de solicitudes ata o esgotamento do crédito previsto na presente resolución.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 22 de xullo de 2020 pola que se establece o procedemento de concesión da tarxeta Bono turístico #QuedamosenGalicia (código de procedemento TU985B).

Cuarto. *Financiamento das actividades subvencionadas*

O crédito necesario para cargar as tarxetas financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 11.A2.761A.480.0, código de proxecto 2015 00006, polo importe total máximo de 5.000.000 €.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo para a presentación de solicitudes estará aberto a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución ata o día 30 de novembro de 2020 (incluído).

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2020

O/a director/a da Axencia Turismo de Galicia
P.S. (Artigo 19.6 do Decreto 196/2012, do 27 setembro)
M^a Elena Barca Ramos
Xerente da Axencia Turismo de Galicia

